

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 31 de xullo de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e sete minutos do día trinta e un de xullo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37467.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2026.

2.37468.- PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "REFORMA ENERXÉTICA E REHABILITACIÓN INTEGRAL DO PAVILLÓN DE BELUSO" DO CONCELLO DE BUEU, INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS. (Expte. 2025003730)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión extraordinaria celebrada o 18/10/2024, adoptou o acordo núm. 3.8273 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), cuxa publicación tivo lugar no BOPPO núm. 206, de 22/10/2024.



- Por acordo da Xunta de Goberno núm. 4.35121, de 25/04/2025, outorgouse ao Concello de Bueu, mediante o procedemento de concorrncia non competitiva e ao abeiro do II PEID, unha subvención de 150.029,57 € para o financiamento do proxecto de investimento “Reforma enerxética e rehabilitación integral do pavillón de Beluso” (Expte. 2025003730). A referida contía establécese sobre un orzamento de 1.749.212,52 €, correspondéndolle á entidade local a cantidade de 1.599.182,95 € en concepto de achega doutras administracións.
- Con data de 10/06/2026, consta no rexistro xeral desta Deputación (asento REX 2026012558) solicitude formulada polo Concello de Bueu interesando a tramitación do proxecto modificado núm. 1 do investimento citado.
- Unha vez analizada a documentación técnica do modificado, verifícase que as variacións introducidas non alteran o obxecto nin a finalidade da subvención, así como tampouco os estándares de calidade da solución proxectada. Non obstante, a modificación supón un incremento do 13,48% (235.774,25 €) respecto do prezo de licitación inicial, incremento que será sufragado integramente mediante a aplicación do remanente xerado pola baixa de adxudicación do contrato.
- O proxecto modificado conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 15/07/2026.
- O 15/07/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto e na data 15/07/2026 a Intervención provincial informa favorablemente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 24ª do II PEID, relativa á modificación de proxectos e excesos de medición.
- modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A normativa vixente en materia de subvencións establece como principio reitor o de afección ou vinculación da axuda económica ao cumprimento dun obxectivo concreto; neste suposto, á execución dun proxecto específico. Consecuentemente, o interese público perseguido coa concesión queda estritamente delimitado polo obxecto da finalidade subvencionable.

Consonte a esta natureza xurídica, outorgouse ao Concello de Bueu, ao abeiro do II PEID, unha subvención por importe de 150.029,57 € para o financiamento do investimento "Reforma enerxética e rehabilitación integral do pavillón de Beluso" (Ref. 2025003730). A dita concesión baseouse nun proxecto de 1.749.212,52 €, o cal se estimou axeitado e suficiente para os efectos da súa adecuación á convocatoria.



Unha vez adxudicada a obra, constatouse a necesidade de axustes en unidades de obra e incorporación de novas unidades, o que motiva a modificación do proxecto orixinal.

O proxecto modificado non altera a finalidade esencial da subvención nin a calidade do conxunto do proxectado. Así mesmo, a solicitude formalizouse dentro do prazo execución e xustificación previsto no II PEID, sen que produza prexuízo a dereitos de terceiros.

As modificacións propostas supoñen unha variación do 13,48 % respecto do prezo de adxudicación. Este incremento, cifrado en 199.283,86 €, sitúa o importe final en 1.677.764,60 € fronte aos 1.478.480,85 € da adxudicación inicial.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Que se autorice o proxecto modificado da obra "Reforma enerxética e rehabilitación integral do pavillón de Beluso" (2025003730), aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención outorgada pola Deputación dentro do II PEID, poida executarse nos termos propostos polo concello.

2.- Aplicar a baixa resultante da adxudicación do contrato ao financiamento da referida modificación.

3.37469.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE SEQUEIROS (SAIAR)". (Expte. 2026022210)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 24/03/2026, mediante rexistro WEB2026022902, emendado en datas posteriores, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CALDAS DE REIS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 240.313,77 euros, co obxecto do financiamento do investimento "REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE SEQUEIROS (SAIAR)" (Expte. 2026022210), cuxo orzamento ascende a 240.313,77 euros.

Deste modo, a petición do Concello de CALDAS DE REIS queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas- €	Fondos propios do Concello -€
2026	240.313,77	240.313,77	0,00	0,00

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia.
- A devandita autorización, así como a acta de trazado previo (Anexo III) e a resolución ou acordo de aprobación do proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e



vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 15/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CALDAS DE REIS, CIF: P3600500G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 240.313,77 euros, co obxecto do financiamento da actuación “REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE SEQUEIROS (SAIAR)” (Expte.2026022210), cuxo orzamento ascende a 240.313,77, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	240.313,77 €	240.313,77 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia, así como a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada e a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de CALDAS DE REIS, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.37470.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CUBERTA EXTERIOR PARA PISTA POLIDEPORTIVA EN AS QUINTANS (VILARIÑO)”. (Expte. 2026023129)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 25/03/2026, mediante rexistro WEB2026023722, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CAMBADOS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 105.746,26 euros, co obxecto do financiamento do investimento “CUBERTA EXTERIOR PARA PISTA POLIDEPORTIVA EN AS QUINTANS (VILARIÑO)” (Expte. 2026023129), cuxo orzamento ascende a 105.746,26 euros.

Deste modo, a petición do Concello de CAMBADOS queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	105.746,26	105.746,26	0,00	0,00

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia.



- A devandita autorización, a acta de trazado previo e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 15/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CAMBADOS, CIF: P3600600E, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 105.746,26 euros, co obxecto do financiamento da actuación "CUBERTA EXTERIOR PARA PISTA POLIDEPORTIVA EN AS QUINTANS (VILARIÑO)" (Expte.2026023129), cuxo orzamento ascende a 105.746,26 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	105.746,26 €	105.746,26 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia así como a acta de trazado previo debidamente cumprimentada e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de CAMBADOS, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.37471.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA NORIA”. (Expte. 2026025590)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026026302, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CANGAS DE MORRAZO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 198.598,76 euros, co obxecto do financiamento do investimento “RENOVACION DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RUA NORIA” (Expte.2026025590), cuxo orzamento ascende a 198.598,76 euros.

Deste modo, a petición do Concello de CANGAS DE MORRAZO queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas- €	Fondos propios do Concello -€
2026	198.598,76	198.598,76	0,00	0,00

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

- A devandita autorización, será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CANGAS DE MORRAZO, CIF: P3600800A, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 198.598,76 euros, co obxecto do financiamento da actuación "RENOVACION DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA RUA NORIA" (Expte.2026025590), cuxo orzamento ascende a 198.598,76 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	198.598,76 €	198.598,76 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de CANGAS DE MORRAZO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.37472.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA DO MEIXUEIRO EN SOUTELO DE MONTES". (Expte.2026027279)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2026, mediante rexistro WEB2026028052, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de Forcarei na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 81.347,19 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Renovación do pavimento na rúa do Meixueiro en Soutelo de Montes*" (Expte.2026027279), cun orzamento polo mesmo importe. O orzamento contempla execución de obra por importe de 75.627,46 euros e honorarios técnicos por importe de 5.719,73 euros (2.542,10 euros de redacción de proxecto, 2.542,10 de dirección de obra e 635,53 euros coordinación de seguridade e saúde).



Deste modo, a petición do Concello de Forcarei queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	Achegas doutros Plans ou programas	Fondos propios do Concello
2026	81.347,19 €	81.347,19 €	0,00 €	0,00 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 16/06/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 16/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Forcarei (P3601800J), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 81.347,19 euros co obxecto do financiamento do investimento *“Renovación do pavimento na rúa do Meixueiro en Soutelo de Montes”* (Expte.2026027279), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	81.347,19 €	81.347,19 €	0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 75.627,46 euros e honorarios técnicos por importe de 5.719,73 euros (2.542,10 euros de redacción de proxecto, 2.542,10 euros de dirección de obra e 635,53 euros coordinación de seguridade e saúde).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Forcarei, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.37473.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026-2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DE CAMIÑOS EN LAS ÁREAS PARROQUIAIS". (Expte.: 2026025793)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026027231, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Lalín na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 1.761.813,27 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Mellora de camiños nas áreas parroquiais*" (Expte.2026025793), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	474.640,25 €	474.640,25 €	0,00 €	0,00 €
2027	1.287.173,02 €	1.287.173,02 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	1.761.813,27 €	1.761.813,27 €	0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 1.743.668,27 euros e honorarios de redacción de proxecto por importe de 18.145,00 euros.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 22/07/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 23/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Lalín (P3602400H), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidades 2026-2027) unha subvención por importe de 1.761.813,27 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Mellora de camiños nas áreas parroquiais*" (Expte.2026025793), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	474.640,25 €	474.640,25 €	0,00 €	0,00 €
2027	1.287.173,02 €	1.287.173,02 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	1.761.813,27 €	1.761.813,27 €	0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 1.743.668,27 euros e honorarios de redacción de proxecto por importe de 18.145,00 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada ás resolucións favorables da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Augas de Galicia), Ministerio de Transportes Movilidad y Agenda Urbana, Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais), Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas) e Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), así como a aportación do acordo ou resolución de aprobación do proxecto presentado, sendo imprescindible que se remita a documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 (anualidade 2026) do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. A anualidade 2027 deberá estar executada a 31/12/2028 e xustificada a 31/05/2029. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Lalín, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37474.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "CREACIÓN DE ITINERARIO PEONIL NO LUGAR DE O COVELO". (Expte.2026024803)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- En data 30/03/2026, mediante rexistro WEB2026025655, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Moraña na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na



repartición unha subvención, por importe de 100.694,72 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Creación de itinerario peonil no lugar de O Covelo*" (Expte.2026024803), cun orzamento polo mesmo importe.

- En datas posteriores, o Concello subsana a documentación presentada inicialmente.
- Deste modo, a petición do Concello de Moraña queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	Achegas doutros Plans ou programas	Fondos propios do Concello
2026	100.694,72 €	100.694,72 €	0,00 €	0,00 €

- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 10/06/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 15/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Moraña (P3603200A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 100.694,72 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Creación de itinerario peonil no lugar de O Covelo*” (Expte.2026024803), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	100.694,72 €	100.694,72 €	0,00 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Moraña, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37475.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A CONLES, SAN MARTIÑO DE LAXE". (Expte.2026024781)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- En data 30/03/2026, mediante rexistro WEB2026025444, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de Moraña na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 100.158,25 euros, co obxecto do financiamento do investimento "Mellora de camiño de acceso a Conles, San Martiño de Laxe" (Expte.2026024781), cun orzamento polo mesmo importe.



Deste modo, a petición do Concello de Moraña queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutros Plans ou programas	Fondos propios do Concello
2026	100.158,25 €	100.158,25 €	0,00 €	0,00 €

- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico



ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 19/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Moraña (P3603200A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026), unha subvención por importe de 100.158,25 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Mellora de camiño de acceso a Conles, San Martiño de Laxe*" (Expte.2026024781), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	100.158,25 €	100.158,25 €	0,00 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Moraña, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



10.37476.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "GASTO CORRENTE ENERXÍA ELÉCTRICA". (Expte. 2026021620)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 20/03/2026, con rexistro núm. WEB2026022032, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de O Rosal na que solicita unha subvención por importe de 143.774,49 euros con destino ao financiamento de "*Gasto corrente enerxía eléctrica*" (Expte.2026021620), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 124.738,17 euros da liña 1-investmentos a liña 2. Así mesmo, remite certificado do interventor municipal indicando que non existen gastos ou investmentos de exercicios pechados para os que non exista crédito.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio,



e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 19/06/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade::

- CONCEDER ao Concello de O Rosal, NIF:P3604800G, a cantidade de 143.774,49 euros, con destino ao financiamento de "*Gasto corrente enerxía eléctrica*" (Expte.2026021620), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Rosal, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

11.37477.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "URBANIZACIÓN DA RÚA APARICIO VILAR E RÚA DOS GRUPOS ESCOLARES (VILALONGA)". (Expte.2026027252)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.



Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026027147), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de SANXENXO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 225.149,55 euros, con destino ao financiamento “URBANIZACIÓN DE LA RÚA APARICIO VILAR Y RÚA DOS GRUPOS ESCOLARES (VILALONGA)”, cun orzamento por importe de 225.149,55 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	225.149,55	225.149,55	0,00	0,00

En datas posteriores, o concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que “As obras proxectadas afectan a zona de dominio público da estrada convencional PO-550 (Cambados (VG-4.3) - A Lanzada (PO-308)).” Consta no expediente solicitude de autorización á Axencia Galega de Infraestruturas.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SANXENXO (P3605100A), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 225.149,55 euros, co obxecto do financiamento do investimento "URBANIZACIÓN DE LA RÚA APARICIO VILAR Y RÚA DOS GRUPOS ESCOLARES (VILALONGA)" (Expte.2026027252), cuxo orzamento ascende a 225.149,55 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	225.149,55€	225.149,55€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto e acta de implantación (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SANXENXO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.37478.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "AMPLIACIÓN DA SENDA FLUVIAL DE DORRÓN". (Expte.2026027249)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026027073), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de SANXENXO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha



subvención por importe de 147.704,94 euros, con destino ao financiamento “AMPLIACIÓN DA SENDA FLUVIAL DE DORRÓN”, cun orzamento por importe de 147.704,94 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	147.704,94	147.704,94	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar así como informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante a Axencia Galega de Infraestruturas e de Augas de Galicia estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Deputación de Pontevedra, do Instituto de Estudio do Territorio, da Dirección xeral de Patrimonio Natural, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As devanditas autorizacións, así como o pronunciamento de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas sobre as declaracións presentadas, a resolución ou acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026 e do xefe do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/07/2027 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SANXENXO (P3605100A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 147.704,94 euros, co obxecto do financiamento do investimento "AMPLIACIÓN DA SENDA FLUVIAL DE DORRÓN" (Expte.2026027249), cuxo orzamento ascende a 147.704,94 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	147.704,94€	147.704,94€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o concello achegue a autorización sectorial Deputación de Pontevedra, do Instituto de Estudio do Territorio, da Dirección xeral de Patrimonio Natural e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como o pronunciamento sobre as declaración responsables presentadas ante a Axencia Galega de Infraestruturas e de Augas de Galicia. O concello debe achegar a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SANXENXO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.37479.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DO FIRME DUN VIAL MUNICIPAL NA IGREXA. PARAMOS (TUI)". (Expte.2026024742)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 30/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEN2026025437), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de TUI na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 72.984,34 euros, con destino ao financiamento “MEJORA DEL FIRME DE UN VIAL MUNICIPAL EN A IGREXA. PARAMOS (TUI)”, cun orzamento por importe de 72.984,34 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	72.984,34	72.984,34	0,00	0,00

O orzamento total contempla execución obra por importe de 67.326,64 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 2.828,85 euros, dirección de obra por importe de 2.263,08 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 565,77 euros.

En datas posteriores, o concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e declaración responsable ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 18/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de TUI (P3605500B), ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 72.984,34 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MEJORA DEL FIRME DE UN VIAL MUNICIPAL EN A IGREXA. PARAMOS (TUI)” (exp.2026024742), cuxo orzamento ascende a 72.984,34 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	72.984,34€	72.984,34€	0,00€	0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 67.326,64 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 2.828,85 euros, dirección de obra por importe de 2.263,08 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 565,77 euros.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de TUI, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.37480.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN E DECLARAR DE ABOAMENTO A RELACIÓN DE PREMIOS E ARBITRAXES DAS FINAIS DA COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL 2026. (Expte. 2026012891)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- Con data 06/03/2026 a Vicepresidenta Segunda da inicio ao expediente para a tramitación do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2026”.

Terceiro.- En data 13/03/2026 informase por parte do servizo de Deportes da memoria xustificativa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- Por parte da Intervención fiscalízase de xeito favorable con data 10/04/2026.

Quinto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 17 de abril de 2026 e núm. 41.36947 aprobou o “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2026”, publicándose no BOPPO núm. 80 de 29/04/2026.



Fundamentos:**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.



- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federación funcións delegadas públicas de carácter administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Excluír ó Club San Roque Casablanca (exp. 2026043313) polo seguinte motivo: NON PARTICIPAR NA COPA DIPUTACIÓN (NON INCLUIDO NOS CERTIFICADOS FEDERATIVOS ACHEGADOS POLA FEDERACIÓN), e o Celta Academy (exp. 2026038180) polo seguinte motivo: NON ACHEGAR DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.

Segundo.- Aprobar a concesión e declarar de aboamento a relación de premios a arbitrxes das finais co CSV: 6LH2USPTGDB8M69L, por importe de 117.583,00€, a través da aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.07.



RELACIÓN PREMIOS COPA DEPUTACIÓN

Cód. expediente	Entidade	NIF/CIF	Importe	Concello
2026045465	CLUB DE FUTBOL ERIZANA	G36733970	1.050,00 €	Baiona
2026044828	ABOBRIGA CLUB FUTBOL	G22647895	600,00 €	Baiona
2026044889	BARRO CF	G36149128	250,00 €	Barro
2026041846	CLUB CULTURAL DEPORTIVA BELUSO	G36158517	1.050,00 €	Bueu
2026038192	CLUB DEPORTIVO BUEU	G36138477	1.050,00 €	Bueu
2026045464	CALDAS CLUB DE FUTBOL	G36199495	1.400,00 €	Caldas de Reis
2026038177	CLUB JUVENTUD CAMBADOS	G36052124	250,00 €	Cambados
2026038175	BEIRAMAR, C.F.	G36200418	250,00 €	Cambados
2026038188	CLUB RAPIDO BAHIA DE ALDAN CANGAS	G36047322	150,00 €	Cangas de Morrazo
2026046306	CLUB DE FUTBOL CRUCEIRO CANGAS	G36048395	250,00 €	Cangas de Morrazo
2026046379	C.F.CAÑIZA	G36146140	250,00 €	Caniza, A
2026038186	CATOIRA S.D.	G36312445	500,00 €	Catoira
2026049078	REAL FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL	G15055890	383,00 €	Coruña A
2026038181	CLUB ESCOLA DEPORTIVA DE COTOBADE	G36524411	250,00 €	Cotobade
2026038183	COVELO CLUB DE FUTBOL	G94060555	250,00 €	Covelo
2026037023	ATLETICO DE CUNTIS C.F	G36313211	250,00 €	Cuntis
2026037012	CLUB DEPORTIVO SPORT TEAM ESTRADA	G05440193	600,00 €	Estrada, A
2026046318	VEA C F	G36218436	250,00 €	Estrada, A
2026040253	ESCOLA DE FUTBOL BASE TERRA DE MONTES	G94093382	250,00 €	Forcarei
2026038187	GONDOMAR FUTBOL BASE	G36905107	850,00 €	Gondomar
2026038398	LOSTREGO CLUB DE FUTBOL	G01666908	3.600,00 €	Gondomar
2026039428	CLUB DEPORTIVO VINCIOS	G36733376	1.050,00 €	Gondomar
2026043409	CLUB DE FUTBOL DEPORTIVO CHAIN	G36794196	600,00 €	Gondomar
2026043345	GONDOMAR C.F. GONDOMAR CLUB DE FUTBOL	G36693794	2.250,00 €	Gondomar
2026038197	SOCIEDAD DEPORTIVA AMANECER	G36133684	1.050,00 €	Grove, O
2026037019	UNION SOCIEDAD DEPORTIVA DE O GROVE	G36061257	600,00 €	Grove, O
2026043312	CLUB SPORTING GUARDES LA GUARDIA	G36118412	600,00 €	Guarda, A
2026041461	CLUB UNION DEPORTIVA UNION GUARDESA	G36343010	250,00 €	Guarda, A
2026038189	VILATUXE FUTBOL CLUB	G36258853	400,00 €	Lalín
2026037021	A LAMA SD	G36542033	250,00 €	Lama, A
2026037016	SOCIEDAD DEPORTIVA SANTOME	G36134740	250,00 €	Marín



2026038198	ESCUELA DE FUTBOL VILLA DE MARIN	G94048626	250,00 €	Marín
2026037026	UNION DENA C DE FUTBOL	G36156305	1.600,00 €	Meaño
2026044765	CLUB DEPORTIVO GIL C DE FUTBOL	G36172724	250,00 €	Meaño
2026038184	CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO MEIS	G36151462	500,00 €	Meis
2026038255	ZACANDE FUTBOL CLUB	G36362127	250,00 €	Meis
2026043177	DOMAIO FUTBOL CLUB	G36039352	1.300,00 €	Moaña
2026038195	MONDARIZ FUTBOL CLUB	G36150951	500,00 €	Mondariz
2026037011	MORAÑA CLUB DE FUTBOL	G36152312	600,00 €	Moraña
2026040570	CLUB LOURO TAMEIGA	G36238996	1.050,00 €	Mos
2026039430	CLUB DE FUTBOL UNION DEPORTIVA MOS	G36214179	2.500,00 €	Mos
2026043790	CLUB DEPORTIVO ALERTA SANGUIÑEDA	G36994531	250,00 €	Mos
2026039109	NIEVES FUTBOL CLUB- LAS NIEVES	G36150159	250,00 €	Neves, As
2026044759	CLUB RACING VILARIÑO	G36782886	1.050,00 €	Nigrán
2026039698	C. CAMPO LAMEIRO, CD	G36113496	1.600,00 €	O Campo Lameiro
2026044753	OIENSE C.F. STA MA OIA	G36180867	250,00 €	Oia
2026046354	UNION DEPORTIVA NESPEREIRA	G94124179	250,00 €	Pazos de Borbén
2026040255	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA POIO	G36044972	600,00 €	Poio
2026037006	ATLETICO COMBARRO	G01841584	3.050,00 €	Poio
2026038194	SOCIEDAD DEPORTIVA OLIVEIRA	G36299683	250,00 €	Ponteareas
2026040251	SPORTING CLUB SAN MATEO	G36371219	250,00 €	Ponteareas
2026044755	XINZO FUTBOL CLUB	G36122901	250,00 €	Ponteareas
2026044750	CLUB CULTURAL DE AREAS	G36139426	2.250,00 €	Ponteareas
2026044757	ASOCIACIN DEPORTIVA VILA DE CORPUS F.C.	G36417822	600,00 €	Ponteareas
2026044766	SOCIEDAD DEPORTIVA JUVENIL DE PUENTEAREAS	G36195550	600,00 €	Ponteareas
2026044843	SCD PUENTECALDELAS	G36185627	500,00 €	Ponte Caldelas
2026039108	SOCIEDAD DEPORTIVA MONTEPORREIRO-PONTEVEDRA	G36118677	800,00 €	Pontevedra
2026046309	CLUB UNION SAMPAYO-PONTEVEDRA	G36143642	1.200,00 €	Pontevedra
2026037007	CERPONZONS CF	G36268498	250,00 €	Pontevedra
2026040560	CLUB MARCON ATLETICO	G36147080	600,00 €	Pontevedra
2026037018	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA SALCEDO	G36106094	1.050,00 €	Pontevedra
2026043408	CAMPAÑO SOCIEDAD DEPORTIVA	G94193893	600,00 €	Pontevedra
2026038203	ASOC CULTURAL DEPORTIVA UNION DEPORTI	G36323889	1.050,00 €	Porriño, O
2026041512	PORRIÑO INDUSTRIAL FUTBOL CLUB	G36144095	3.050,00 €	Porriño, O
2026046841	CLUB DEPORTIVO SAN SALVADOR PORRIÑO	G36439172	250,00 €	Porriño, O



2026044756	CLUB DEPORTIVO PONTELLAS	G36319911	250,00 €	Porriño, O
2026039111	SOCIEDAD DEPORTIVA ROMAI-PORTAS	G36105369	250,00 €	Portas
2026038402	CULTURAL DEPORTIVA PORTAS	G36187946	600,00 €	Portas
2026037010	CD CESANTES	G36202174	250,00 €	Redondela
2026038176	C. D. CHOCO	G36041994	1.600,00 €	Redondela
2026038191	CLUB DEPORTIVO ATLETICO VILLAR-REDONDELA	G36167260	250,00 €	Redondela
2026044752	CHAPELA CLUB DE FUTBOL	G36314979	250,00 €	Redondela
2026037013	UMIA F C	G36039634	1.600,00 €	Ribadumia
2026037008	CLUB DEPORTIVO RIBADUMIA	G36186542	1.050,00 €	Ribadumia
2026041462	XUVENTUDE SISAN CLUB DE FUTBOL	G06937403	1.050,00 €	Ribadumia
2026038682	ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO CF	G42947135	150,00 €	Rodeiro
2026039432	CLUB UNION DEPORTIVA RIBERA-O ROSAL	G36166213	1.600,00 €	Rosal, O
2026047115	CLUB CASELAS FC	G36129948	600,00 €	Salceda de Caselas
2026043173	SOCIEDAD DEPORTIVA SALVATIERRA	G36135432	600,00 €	Salvaterra de Miño
2026043320	PROGRESISTA F.C.	G36223550	3.050,00 €	Salvaterra de Miño
2026038404	CLUB DEPORTIVO S.D. NOALLA	G36207231	2.250,00 €	Sanxenxo
2026037027	ATLETICO VILLALONGA FUTBOL FEMENINO	G94140910	1.200,00 €	Sanxenxo
2026038201	CLUB DEPORTIVO PORTONOVO SOCIEDADE DEPORTIVA	G36010163	6.150,00 €	Sanxenxo
2026044760	VILLALONGA, F.C.-SANGENJO	G36116465	2.250,00 €	Sanxenxo
2026044826	CLUB DE FUTBOL DORRON-SANGENJO-	G36108736	250,00 €	Sanxenxo
2026044888	CLUB XUVENTUD DE SANXENXO	G36140572	250,00 €	Sanxenxo
2026040561	CLUB DE FUTBOL LAMELA	G36337533	750,00 €	Silleda
2026040257	SOCIEDADE DEPORTIVA C.F. SILLEDA	G36270437	150,00 €	Silleda
2026041460	SOCIEDAD DEPORTIVA BANDEIRA CLUB DE FUTBOL	G36148310	400,00 €	Silleda
2026037024	CLUB DEPORTIVO SOUTOMAIOR	G36129492	1.750,00 €	Soutomaior
2026038200	CLUB DEPORTIVO ARCADE	G36143238	600,00 €	Soutomaior
2026038190	TOMIÑO F.C.	G36100949	1.600,00 €	Tomiño
2026046308	TEBRA F.C.	G94081205	250,00 €	Tomiño
2026038399	TOMIÑO F.C. FEMENINO	G94015278	250,00 €	Tomiño
2026044771	GOIAN F.C. - TOMIÑO	G36219830	250,00 €	Tomiño
2026047116	CLUB DEPORTIVO RIBADELOURO - TUI	G36286029	250,00 €	Tui
2026038204	CLUB DE FUTBOL GUILLAREY	G94131661	250,00 €	Tui
2026038403	CLUB DEPORTIVO CALDELAS	G36222362	600,00 €	Tui
2026039110	TYDE F.C.-TUY	G36147684	350,00 €	Tui



2026046839	CORDEIRO CLUB DE FUTBOL-VALGA	G36108207	600,00 €	Valga
2026038683	CLUB DEPORTIVO TEIS	G36752640	2.850,00 €	Vigo
2026047117	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G36690519	250,00 €	Vigo
2026038185	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	G36620854	1.050,00 €	Vigo
2026038199	CLUB DEPORTIVO SAMPAYO	G36654564	250,00 €	Vigo
2026041843	CLUB DEPORTIVO NIETO	G36687309	250,00 €	Vigo
2026038179	CABRAL F.C.	G70657275	1.700,00 €	Vigo
2026038202	ASOCIACIÓN UNIÓN VECIÑAL CULTURA E DEPORTIVA DE CANDEÁN	G36863348	600,00 €	Vigo
2026038401	ASOCIACION DEPORTIVA LAVADORES CF	G36770931	600,00 €	Vigo
2026039431	SARDOMA CF	G36615607	2.000,00 €	Vigo
2026038193	CLUB DEPORTIVO VALLADARES	G36629657	5.950,00 €	Vigo
2026038196	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	4.650,00 €	Vigo
2026044751	RACING DE CASTRELOS FUTBOL CLUB	G36710762	250,00 €	Vigo
2026038182	CLUB DEPORTIVO LA GUIA DE VIGO	G36645612	600,00 €	Vigo
2026038400	CLUB DE FUTBOL BALAIOS	G36737724	1.050,00 €	Vigo
2026039699	CLUB RAPIDO DE BOUZAS	G36711513	1.050,00 €	Vigo
2026044770	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G36647311	1.050,00 €	Vigo
2026044758	ESCUELAS DE FUTBOL NORBERT LOSADA	G22643654	250,00 €	Vigo
2026044768	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G36743433	250,00 €	Vigo
2026043361	CLUB DE FUTBOL SAN ESTEBAN	G36733020	250,00 €	Vigo
2026038178	CLUB PEÑASCO	G27804970	250,00 €	Vigo
2026044761	CLUB DEPORTIVO COIA	G36753911	250,00 €	Vigo
2026044767	CLUB ATLETICO HURACAN DE ZAMANS	G55466320	250,00 €	Vigo
2026044763	UNION DEPORTIVA SANTA MARIÑA DE VIGO	G36628774	600,00 €	Vigo
2026040254	AGRUPACION DEPORTIVA U.D.C VILABOA	G36102671	250,00 €	Vilaboa
2026037014	FIGUEIRIDO CLUB DE FUTBOL	G36039626	250,00 €	Vilaboa
2026044764	ESCOLA DE FUTBOL COBRES	G94028925	250,00 €	Vilaboa
2026045750	SOCIEDADE DEPORTIVA CRUCES	G36270684	1.000,00 €	Vila de Cruces
2026037009	CLUB ATLETICO AROUSANA	G36300655	800,00 €	Vilagarcía de Arousa
2026037022	CLUB DEPORTIVO C D BAMIO	G36238798	250,00 €	Vilagarcía de Arousa
2026037067	CLUB SAN MARTIN DE VILAXOAN-VILLAGARCIA	G36117224	1.050,00 €	Vilagarcía de Arousa
2026037025	CLUB VILAGARCIA SOCIEDAD DEPORTIVA	G36173870	250,00 €	Vilagarcía de Arousa



2026040873	UNIÓN DEPORTIVA SAN MIGUEL DE DEIRO	G36107027	600,00 €	Vilanova de Arousa
2026037017	ASOC CULTURAL DEPORTIVA VILANOVA	G36172831	600,00 €	Vilanova de Arousa
2026038681	VILANOVA FUTBOL CLUB	G21953989	150,00 €	Vilanova de Arousa
2026044878	S.D. P. ARNELAS	G36404424	250,00 €	Vilanova de Arousa
2026037020	SOCIEDAD DEPORTIVA CHISPA DE CORON	G94146032	1.400,00 €	Vilanova de Arousa
			117.583,00 €	

15.37481.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN, DE PRESTACIÓN DO SERVIZO NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS DE PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2022058144)

Resultando.- Que na sesión ordinaria do día 05 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou a contratación da prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra á FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669), polos prezos e valores ofertados conforme ao seguinte detalle reflexado no citado acordo:

Prezo total ofertado, sen IVE:	539.832,00 €
IVE (exento*):	0,00 €
Prezo total ofertado, co IVE:	539.832,00 €

** A prestación deste servizo está exenta de IVE (art. 20. 1.º Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor incluído).*

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 06 de xuño de 2023 e o prazo de duración é dous anos a contar desde a data 01 de setembro de 2023, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha delas.

Resultando.- Que mediante acordo 9.34001 da Xunta de Goberno, de data 05 de xullo do 2024, aprobouse a primeira modificación do contrato debido ao incremento dunha aula respecto ás sete contempladas inicialmente, polo importe de 36.776,91 €.

Resultando.- Que mediante acordo 10.35479 da Xunta de Goberno, de data 24 de xullo do 2025, aprobouse a primeira prórroga do contrato.



Resultando.- Que, con data 26 de xuño de 2026, a xefa de xestión do servizo Centro Príncipe Felipe, como responsable do contrato, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de setembro de 2026 ao 31 de agosto de 2027.

Resultando.- Que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 03 de xuño de 2026 (data de comparecencia: 04/06/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando.- Que con data 10 de xullo do 2026, a Intervención emitiu dilixencia, con CSV: LQZHJ26ANWPX7JBY, sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 21 de xullo do 2026 (CSV: 3ULS5MU9DB3VIJ60), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 01 de setembro de 2026 ao 31 de agosto de 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de setembro do 2026.”

Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.*

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das



facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación da segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra subscrito coa FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669), durante o período desde o 01 de setembro de 2026 ao 31 de agosto de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	232.2312.227.99	102.230,97 €
2027	232.2312.227.99	204.461,94 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

16.37482.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REXE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024071898)

Na sesión ordinaria do día 08 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o *Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra*, ás seguintes empresas para cada un dos lotes, polos prezos unitarios e valores ofertados reflexados no citado acordo:

- Lote 1.- Zona norte: TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (NIF: B84840685)
- Lote 2.- Zona centro: ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905)
- Lote 3.- Zona sur: AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314)
- Lote 4.- Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións: ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905)

A formalización do Acordo Marco para cada un dos lotes realizouse en documentos administrativos de data 11 de setembro de 2025 para o lote 1 e 09 de setembro de 2025 para os lotes 2, 3 e 4. O prazo de duración é dun ano, a contar dende o día seguinte á data da súa formalización, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.



Con data 01 de xullo de 2026 e 21 de xullo de 2026 os responsables dos lotes do Acordo Marco, emiten informes no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *"A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes"*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 26 de xuño de 2026 para os lotes 1, 2 e 3 e en data 05 de xuño de 2026 para o lote 4, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 23 de xullo do 2026, que conclúe o seguinte:

"En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos responsables do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta da primeira prórroga do Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra por un ano, desde o 12 de setembro de 2026 ao 11 de setembro de 2027 para o lote 1 e desde o 10 de setembro de 2026 ao 09 de setembro de 2027 para o lote 2, 3 e 4.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 10 de setembro de 2026."

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra subscrito para o lote 1 (zona norte) coa empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (NIF: B84840685), para o lote 2 (zona centro) coa empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905), para o lote 3 (zona sur) coa empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314) e para o lote 4 (actuacións en edificacións,



construcións ou instalación) coa empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905), durante o período que vai desde o 12 de setembro de 2026 ao 11 de setembro de 2027 para o lote 1 e desde o 10 de setembro de 2026 ao 09 de setembro de 2027 para o lote 2, 3 e 4, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os contratos baseados que deriven da presente prórroga anual deste Acordo Marco, que se axustarán aos prezos unitarios ofertados pola empresa contratista, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

A adxudicación quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento provincial para financiar as obrigas derivadas do contrato baseado no exercicio correspondente, así como, para as correspondentes anualidades e prórrogas.

17.37483.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REPRODUCCIÓN FOTOGRÁFICA E VÍDEO PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA. (Expte.2024069703)

Resultando.- Que na sesión ordinaria do día 14 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou a contratación da prestación do servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra, de acordo coa seguinte distribución por lotes, e polos seguintes prezos e valores ofertados:

LOTE 1 (Fotografía) – Romina Laura Doce Blanco (77420503I)

Importe sen IVE	11.661,00 €
IVE (21%)	2.448,81 €
Importe total ofertado	14.109,81 €

LOTE 2 (Grabación e edición de vídeos) – ÁRTABRA COMUNICACIÓN, S.L. (B70408869)

Importe sen IVE	12.740,00 €
IVE (21%)	2.675,40 €
Importe total ofertado	15.415,40 €

Resultando.- Que os contratos de cada lote formalizáronse en documentos administrativos de data 15 de setembro de 2025, sendo o prazo de duración dun ano, a contar dende a data da súa formalización, con posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha.



Resultando.- Que mediante acordo 10.35862 da Xunta de Goberno, de data 12 de decembro do 2025, aprobouse un reaxuste no financiamento do contrato.

Resultando.- Que con data 08 de xuño de 2026, a xefa de xestión do Museo de Pontevedra, como responsable do contrato, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 15 de setembro de 2026 ao 14 de setembro de 2027.

Resultando.- Que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 04 de xuño de 2026 (data de comparecencia: 04/06/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando.- Que con data 09 de xuño do 2026, a Intervención emitiu informe, con CSV: 6WGFBH16KBMCPYM, sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 22 de xullo do 2026 (CSV: T4VLHHIW2FDDCJBT), que conclúe o seguinte:
“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, informase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de “Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra” por un ano, desde o 15 de setembro de 2026 ao 14 de setembro de 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 15 de setembro do 2026.”

Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.*

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004,



de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra subscrito para o lote 1 con Romina Laura Doce Blanco (77420503I) e para o lote 2 coa empresa ÁRTABRA COMUNICACIÓN, S.L. (B70408869), durante o período que vai desde o 15 de setembro de 2026 ao 14 de setembro de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Lote	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	Lote 1	333.3330.227.06 (vinculación xurídica)	4.115,36 €
	Lote 2		4.496,16 €
2027	Lote 1		9.994,45 €
	Lote 2		10.919,24 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

18.37484.- REDISTRIBUCIÓN DO GASTO COMPROMETIDO DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2023 PARA A "SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIÓN DE SERVIZO". (Expte. 2024064885)

Visto que o servizo de Cooperación cos Municipios, Museo de Pontevedra e Finca Mouriscade emitiron os correspondentes informes nos que poñen de manifesto que a dotación económica inicialmente prevista no contrato de "Subministración de combustibles en estacións de servizo" resulta insuficiente para atender o consumo estimado de combustible ata a súa finalización, solicitando o incremento da contía asignada nas súas respectivas aplicacións orzamentarias.



Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 29 de novembro de 2024, adxudicou á empresa COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) (NIF A28003119), actualmente MOEVE, S.A., o contrato baseado no Acordo marco 21/2022 para a Subministración de combustibles en estacións de servizo, promovido pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Estado, para a subministración de combustible destinado aos vehículos do parque móbil e á maquinaria da Deputación de Pontevedra.

Resultando que, posteriormente, a Xunta de Goberno acordou prorrogar o citado contrato durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026, ambos incluídos, permanecendo inalteradas as restantes condicións contractuais.

Resultando que, no mesmo acordo de prórroga, autorizouse e comprometeuse un gasto máximo de 338.242,96 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se relacionan a continuación:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	Importe total (IVE engadido)
2026	PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	26/332.3322.221.03	590,04 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	26/232.2312.221.03	31.539,20 €
	COOPERACION	26/942.4330.221.03	1.833,34 €
	E.F. AREEIRO	26/413.4123.221.03	4.967,51 €
	FINCA MOURISCADÉ	26/410.4120.221.03	4.280,47 €
	INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	26/456.4530.221.03	161.646,07 €
	MEDIO AMBIENTE	26/410.4100.221.03	8.418,03 €
	PARQUE MÓBIL	26/920.9200.221.03	94.398,33 €
	SAIM	26/923.1623.221.03	15.445,83 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	26/233.3370.221.03	4.497,99 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	26/333.3330.221.03	1.642,81 €
	CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO	26/922.9200.221.03	8.983,34 €

Visto o informe emitido pola Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra, co visto e prace do Vicepresidente (CSV: 0Q3G1XER4OX82MVC), no que se acredita a necesidade de incrementar a dotación económica destinada ao contrato para garantir a continuidade das necesidades ordinarias de funcionamento do Museo, vinculadas ao mantemento das súas instalacións, equipamentos e medios de transporte propios.



Vistos, así mesmo, os informes emitidos polo xefe do servizo de Cooperación cos Municipios, co visto e praxe da Deputada Delegada (CSV: KEJSYKPJNUUMFK7D), e pola Finca Mouriscade, co visto e praxe do Deputado Delegado (CSV: 3DIIHEF9HO2OWFHK), nos que igualmente se xustifica a insuficiencia da dotación inicialmente prevista e a necesidade do seu incremento.

Vista a dilixencia de conformidade emitida pola Intervención Provincial, de data 24 de xullo de 2026, respecto da proposta de redistribución do gasto comprometido.

Considerando que o importe total comprometido para a execución do contrato resulta suficiente para atender todas as obrigas derivadas do mesmo, non sendo preciso incrementar o gasto global autorizado, senón unicamente efectuar unha redistribución interna do gasto comprometido entre as distintas aplicacións orzamentarias, reducindo aquelas nas que existe unha previsión superior ás necesidades estimadas e incrementando as correspondentes aos centros xestores que precisan maior dotación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reducir en 3.842,16 € o gasto comprometido con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.221.03 (Infraestruturas e Vías Provinciais), ao considerarse suficiente a dotación restante para atender as obrigas derivadas do contrato ata a súa finalización.

2.- Redistribuír o gasto comprometido, incrementando a dotación das seguintes aplicacións orzamentarias cos importes que se indican:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2026	Museo Provincial	26/333.3330.221.03	1.257,78 €
	Cooperación	26/942.4330.221.03	1.584,18 €
	Finca Mouriscade	26/410.4120.221.03	1.000,20 €



19.37485.- AUTORIZACIÓN DA SUBCONTRATACIÓN DA EMPRESA QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U. PARA A EXECUCIÓN PARCIAL DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES. (Expte. 2025054733)

Vista a solicitude presentada, en data 21 de xullo de 2026, pola empresa ILUNION SOCIOSANITARIO, S.A. (CIF: A82438995), solicitando autorización para subcontratar coa empresa QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U. (CIF: A89106842) a prestación do servizo de teleasistencia durante o período comprendido entre o 1 e o 4 de agosto de 2026, ambos inclusive, co fin de garantir unha transición ordenada entre o anterior prestador e a nova adxudicataria, evitando riscos na continuidade dun servizo esencial dirixido a persoas vulnerables.

Resultando que, mediante acordo da Xunta de Goberno do día 6 de xullo de 2025, foi adxudicado á empresa ILUNION SOCIOSANITARIO, S.A. (CIF: A82438995) o contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Resultando que, o contrato formalizarase unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 153 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sempre que non se interpuxese recurso especial en materia de contratación con efectos suspensivos, estando prevista a súa formalización o día 29 de xullo de 2026, con inicio da prestación o 1 de agosto de 2026.

Resultando que, a empresa adxudicataria identifica a empresa subcontratista, concreta a parte da prestación que será obxecto de subcontratación e xustifica que esta ten carácter excepcional e temporal, limitada ao período comprendido entre os días 1 e 4 de agosto de 2026, por resultar necesaria para garantir a continuidade do servizo durante o proceso de transición entre operadores e a migración dos sistemas de comunicación.

Resultando que o xefe do servizo de Contratación e Patrimonio emitiu informe favorable, de data 24 de xullo de 2026, no que conclúe que a solicitude presentada por ILUNION SOCIOSANITARIO, S.A. reúne os requisitos establecidos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 22 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, polo que informa favorablemente a autorización da subcontratación solicitada.

Considerando que o artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, reconece aos contratistas a facultade de concertar con terceiros a realización parcial da prestación, salvo que o contrato ou os pregos establezan limitacións ou prohibicións expresas.



Considerando que, o artigo 215.2.b) da citada lei establece que o contratista deberá comunicar ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, identificando a parte da prestación que se pretende subcontratar, a identidade do subcontratista, os seus datos de contacto e representantes legais, así como acreditando suficientemente a súa aptitude para executar a prestación.

Considerando que a cláusula 22 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares permite a subcontratación nos termos previstos no artigo 215 da LCSP, sen establecer limitacións específicas respecto da prestación obxecto da presente solicitude.

Considerando que, da documentación achegada resulta acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos na normativa aplicable, identificándose a empresa subcontratista, delimitándose a parte da prestación que será obxecto de subcontratación e xustificándose suficientemente a súa necesidade. Así mesmo, consta que QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U. (CIF: A89106842), actual prestadora do servizo, dispón dos medios persoais e materiais, da capacidade técnica e da experiencia necesarias para garantir a correcta continuidade da prestación durante o período transitorio solicitado.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar á empresa ILUNION SOCIOSANITARIO, S.A. (CIF A82438995) a subcontratar coa empresa QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U. (CIF A89106842) a execución parcial do contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes, exclusivamente durante o período comprendido entre os días 1 e 4 de agosto de 2026, ambos inclusive.

A presente autorización queda condicionada á previa formalización do contrato principal e á súa efectiva entrada en vigor, non producindo efectos no caso de que esta non chegue a realizarse ou se vexa suspendida por calquera causa legalmente prevista.



Así mesmo, a autorización enténdese sen prexuízo de que ILUNION SOCIOSANITARIO, S.A. (CIF A82438995) continúe sendo a única responsable fronte á Deputación da correcta execución do contrato, de conformidade co disposto no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

20.37486.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NO CENTRO DE VACACIÓNS A LANZADA. (Expte. 2026041797)

O Centro de vacacións A Lanzada é un ben de dominio público, titularidade da Deputación Provincial, no que se prestan distintos servizos á cidadanía e que ten por finalidade fomentar a educación en valores, a práctica deportiva, a convivencia, así como defender e fomentar o respecto polo medio ambiente, e promover a utilización racional de todos os recursos naturais.

A actividade principal do centro é a celebración dos campamentos de verán, nos que se ofertan 1.540 prazas distribuídas en 11 quendas entre os meses de xuño e setembro de cada ano, dirixidas a nenas e nenos de entre 8 e 13 anos de idade empadroados na provincia. De entre elas, 210 prazas resérvanse a menores en risco de exclusión social, que están exentos do pago do prezo para participar na actividade.

Fóra do período estival, recíbense distintas solicitudes para desenvolver no C. V. A Lanzada actividades medioambientais, sociais, culturais, formativas, deportivas, de convivencia e outras de natureza análoga.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra ten interese en abrir o centro á cidadanía, en especial á mocidade e ás entidades con implantación na provincia, mediante a prestación de servizos vinculados á estadía, á utilización temporal dos equipamentos autorizados, á coordinación, supervisión e funcionamento ordinario do centro, nun espazo idóneo para convivir nun contorno natural único.

En base ao anterior o deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, acordou con data 20 de febreiro de 2024 (CSV): XC1IQ0G8F91YISIP, o inicio do expediente CIVIDAS número 2024001215 para a tramitación da Ordenanza reguladora de usos do C.V. A Lanzada.

A Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de Vacacións A Lanzada para a organización de actividades de interese social atópase en trámite de aprobación, cuxo texto figura no expediente 2024001215 co (CSV): LL0XS1XU0JW491P.



Na actualidade, as tarifas aplicadas aos servizos que se prestan no C.V. A Lanzada, incluídos os campamentos de verán, foron aprobados por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 26 de novembro de 2021, publicado no BOPPO núm. 233, de 1 de decembro de 2021.

No que respecta aos campamentos de verán, en atención ao interese público e social da actividade, fixouse un prezo público deficitario, de xeito que a Deputación subvencionaría, con carácter xeral, o 50 % do custo da praza, sen prexuízo da fixación dun desconto adicional para os supostos de familia numerosa ou establecemento de cota cero en atención ás especiais circunstancias socioeconómicas das familias ou menores.

Debido a este interese público e social mantense o prezo fixado por praza, tanto nas ordinarias como as bonificadas nos casos de familias numerosas ou monoparentais, así como a gratuidade das mesmas nos casos nos que concorran circunstancias socioeconómicas previstas nas bases reguladoras dos campamentos.

Non obstante, coa aprobación da Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das Instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de vacacións A Lanzada para a organización de actividades de interese social é necesario actualizar as tarifas vixentes polos servizos prestados no C. V. A Lanzada fóra da tempada estival, coa finalidade de dinamizar o centro, fomentar a súa apertura á cidadanía, promover actividades de interese social, cultural, educativo, deportivo e ambiental, e optimizar o aproveitamento social das infraestruturas públicas provinciais.

Para tal efecto elaborouse unha memoria económica, que ten por obxecto xustificar a proposta de prezo público polos servizos prestados no C. V. A Lanzada, tendo en conta os gastos e ingresos do exercicio 2025. A mesma figura asinada no expediente co (CSV): LJOQS2RY2Y8GTL9L.

Resultando que con data 23 de xuño de 2026 a Intervención emite informe sobre a modificación das tarifas do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de vacacións A Lanzada, indicando que "(...) De conformidade co artigo 47.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponde ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Xunta de Goberno.

Por Acordo plenario de data 30/12/1992 acordouse a delegación da competencia plenaria na Xunta de Goberno (BOP nº 14, 22/01/1993).



(...) En aplicación do artigo 113.1.e) do ROF, a proposta debe ser obxecto de ditame previo pola Comisión Informativa que corresponda. O acordo de aprobación ou modificación deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no portal corporativo para garantir o seu coñecemento xeral, transparencia e correcta aplicación polas persoas ou entidades usuarias (...).

“(...) Á vista da documentación incorporada ao expediente, e coas observacións e recomendacións referidas, infórmase favorablemente a proposta de modificación do prezo público polos servizos que se prestan no Centro Vacacional A Lanzada (...).

Resultando que con data 13 de xullo de 2026, Secretaría Xeral emite informe respecto da proposta de Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de Vacacións A Lanzada para organización de actividades de interese social, incorporando dúas observacións no artigo 9 e 28, que son incorporados na parte resolutiva do seu texto, que figura asinado no expediente CIVIDAS 2024001215 co (CSV): 3FC3DLOBZ2CHRQ0H.

Resultando que a Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, con data 13 de xullo de 2026, efectúa unha proposta á Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda para que ditamine favorablemente a aprobación dos prezos públicos propostos polos servizos vinculados á estadía, utilización temporal dos equipamentos autorizados, coordinación, supervisión, mantemento ordinario e funcionamento do C. V. A Lanzada, que son os seguintes, expresados como importes base sen IVE:

1. Zona de acampada:

Actividades non organizadas pola Deputación, sen máis prestación de servizos que a supervisión de montaxe e desmontaxe de tendas:

- 1.1. Por cada tenda e día 6,00 €
- 1.2. Por cada persoa e día 2,00 €

2. Zona de bungalós:

- 2.1. Por cada bungaló e día 21,00 €
- 2.2. Por cada persoa e día 4,00 €

3. Zonas comúns: comedor interior, cociña e zonas exteriores:

- 3.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 25,00 €
- 3.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 25,00 €
- 3.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 25,00 €



4. Tarifas especiais:

4.1. Aplicarase unha tarifa reducida nos seguintes supostos:

a) Solicitudes presentadas por corporacións locais da provincia de Pontevedra.

b) Solicitudes presentadas por asociacións, incluídas as asociacións xuvenís, entidades sen ánimo de lucro ou outras entidades públicas ou privadas con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra, sempre que a actividade concreta que se pretenda desenvolver teña carácter educativo, cultural, social, deportivo, ambiental, formativo, de convivencia ou outro análogo de utilidade pública ou interese social, e careza de finalidade lucrativa.

Para estes efectos, entenderase que a actividade carece de finalidade lucrativa cando non teña por obxecto xerar beneficio económico para a entidade organizadora, sen prexuízo da percepción de cotas ou achegas destinadas exclusivamente a cubrir os custos da actividade.

Quedan excluídas da tarifa reducida as actividades particulares, comerciais, promocionais, corporativas, empresariais ou profesionais.

4.2. Nestes casos, as tarifas das zonas comúns reduciranse nun 60%, resultando do seguinte xeito:

4.2.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día10,00 €

4.2.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día10,00 €

4.2.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día10,00 €

Resultando que a Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de xullo de 2026 ditaminou favorablemente a proposta da Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico para modificación das tarifas do anexo I do prezo público pola prestación de servizos no Centro de vacacións A Lanzada.

Considerando o disposto nos artigos 41 a 47 e 148 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e a competencia da Xunta de Goberno en materia de establecemento e regulación de Prezos públicos segundo acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 1992 (BOPPO nº 14, 22/01/1993).



A Xunta de Goberno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar os prezos públicos polos servizos vinculados á estadía, utilización temporal dos equipamentos autorizados, coordinación, supervisión, mantemento ordinario e funcionamento do Centro de Vacacións A Lanzada, que son os seguintes.

1. Zona de acampada:

Actividades non organizadas pola Deputación, sen máis prestación de servizos que a supervisión de montaxe e desmontaxe de tendas:

- 1.1. Por cada tenda e día 6,00 €
1.2. Por cada persoa e día 2,00 €

2. Zona de bungalós:

- 2.1. Por cada bungaló e día 21,00 €
2.2. Por cada persoa e día 4,00 €

3. Zonas comúns: comedor interior, cociña e zonas exteriores:

- 3.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 25,00 €
3.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 25,00 €
3.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 25,00 €

4. Tarifas especiais:

4.1. Aplicarase unha tarifa reducida nos seguintes supostos:

- a) Solicitudes presentadas por corporacións locais da provincia de Pontevedra.
b) Solicitudes presentadas por asociacións, incluídas as asociacións xuvenís, entidades sen ánimo de lucro ou outras entidades públicas ou privadas con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra, sempre que a actividade concreta que se pretenda desenvolver teña carácter educativo, cultural, social, deportivo, ambiental, formativo, de convivencia ou outro análogo de utilidade pública ou interese social, e careza de finalidade lucrativa.

Para estes efectos, entenderase que a actividade carece de finalidade lucrativa cando non teña por obxecto xerar beneficio económico para a entidade organizadora, sen prexuízo da percepción de cotas ou achegas destinadas exclusivamente a cubrir os custos da actividade.

Quedan excluídas da tarifa reducida as actividades particulares, comerciais, promocionais, corporativas, empresariais ou profesionais.



4.2. Nestes casos, as tarifas das zonas comúns reduciranse nun 60%, resultando do seguinte xeito:

4.2.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 10,00 €

4.2.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 10,00 €

4.2.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 10,00 €

Segundo.- Aprobar a modificación do anexo I do Acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións “A Lanzada”, introducindo as novas tarifas vinculados á estadía, utilización temporal dos equipamentos autorizados, coordinación, supervisión, mantemento ordinario e funcionamento do Centro de Vacacións A Lanzada, quedando dito Anexo I redactado como segue:

ANEXO I

1. Zona de acampada:

Actividades non organizadas pola Deputación, sen máis prestación de servizos que a supervisión de montaxe e desmontaxe de tendas:

1.1. Por cada tenda e día 6,00 €

1.2. Por cada persoa e día 2,00 €

2. Zona de bungalós:

2.1. Por cada bungaló e día 21,00 €

2.2. Por cada persoa e día 4,00 €

3. Zonas comúns: comedor interior, cociña e zonas exteriores:

3.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 25,00 €

3.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 25,00 €

3.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 25,00 €

4. Tarifas especiais:

4.1. Aplicarase unha tarifa reducida nos seguintes supostos:

a) Solicitudes presentadas por corporacións locais da provincia de Pontevedra.

b) Solicitudes presentadas por asociacións, incluídas as asociacións xuvenís, entidades sen ánimo de lucro ou outras entidades públicas ou privadas con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra, sempre que a actividade concreta que se pretenda desenvolver teña carácter educativo, cultural, social, deportivo, ambiental, formativo, de convivencia ou outro análogo de utilidade pública ou interese social, e careza de finalidade lucrativa.



Para estes efectos, entenderase que a actividade carece de finalidade lucrativa cando non teña por obxecto xerar beneficio económico para a entidade organizadora, sen prexuízo da percepción de cotas ou achegas destinadas exclusivamente a cubrir os custos da actividade.

Quedan excluídas da tarifa reducida as actividades particulares, comerciais, promocionais, corporativas, empresariais ou profesionais.

4.2. Nestes casos, as tarifas das zonas comúns reduciranse nun 60%, resultando do seguinte xeito:

4.2.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 10,00 €

4.2.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 10,00 €

4.2.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 10,00 €

5. Campamentos en tendas de campaña (en temporada de verán) organizados pola Deputación, en períodos de 7 días, con prestación de servizos:

Prazas ordinaria, por persoa 110,00 €

Prazas familia numerosa, por persoa 80,00 €

Prazas familia monoparental, por persoa 80,00 €

Prazas especiais circunstancias socioeconómicas previstas nas bases reguladoras dos campamentos 0,00 €

Nas bases reguladoras dos Campamentos, fixarase un número de prazas que serán gratuítas, nos seguintes supostos:

Menores dos concellos da provincia de Pontevedra usuarias ou usuarios dos servizos sociais do seu concello como participantes nalgún dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Menores do Centro Príncipe Felipe dependente da Deputación de Pontevedra.

Menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra. Sobre estes importes aplicárase, no seu caso, o imposto sobre o valor engadido ao tipo que resulte aplicable conforme á normativa vixente.

Terceiro. As novas tarifas publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación desde o día seguinte á publicación no citado Boletín.



21.37487.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE XULLO DE 2026 (ACORDO 21.37416) RELATIVO A DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COVISAM NORTE, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA "REPARACIÓN DE CUBERTA E FACHADA EN ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA (CONCELLO DE POIO). (Expte. 2021050993) (Devogaran 2026012886)

No acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 17 de xullo de 2026 (Acordo número 21.37416) detectouse un erro no título do acordo que afecta á denominación do contrato polo que se procedía a devolución de garantía definitiva constituída pola empresa COVISAM NORTE, S.L., por importe de 14.399,00 euros.

Resultando que a denominación correcta do contrato polo que procedía a devolución da garantía definitiva constituída pola empresa COVISAM NORTE, S.L. era para responder da execución da obra "Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello de Poio)", en non para a "Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe".

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o título do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 17 de xullo de 2026 (acordo 21.37416) no sentido seguinte:

Onde di:

21.37416 .-	DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POR LA EMPRESA COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE" (EXPTE.- 2021050993)(DEVOGARAN 2026012886)
-------------	---

Debe dicir:

21.37416 .-	DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POR LA EMPRESA COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA "REPARACIÓN DE CUBERTA E FACHADA EN ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA (CONCELLO DE POIO)" (EXPTE.- 2021050993)(DEVOGARAN 2026012886)
-------------	---



O texto do contido íntegro que figura no acordo, número 21.37416, adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 17 de xullo de 2026, permanece invariable.

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

22.37488.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte. 2026057760)

Vista a relación de operacións con número 2026057760 (CSV: 32ZYAZTIYRVHV848), que contén 1 operación por un importe de 500,01 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	500,01 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	500,01 €

23.37489.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2026057240, 2026057241, 2026057550)

a) Vista a relación de operacións con número 2026057240 (CSV: 3WVEM9B99HUVI37L), que contén 1 operación por un importe de 327,27 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	327,27 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	327,27 €

...



...

b) Vista a relación de operacións con número 2026057241 (CSV: 3ND3A6GBSN6DU9HZ) que contén 2 operacións por un importe de 246,58 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	246,58 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	246,58 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026057550 (CSV: 3B02X5MSIVGCQP6N) que contén 7 operacións por un importe de 35.352,29 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	35.352,29 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	35.352,29 €

24.37490.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: X EDICIÓN O SON DO PAZO” DO CONCELLO DE MOS, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (Expte. 2025040406)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.



Segundo.- En data 08 de xuño de 2025, Lisardo Conde Rodríguez, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA (NIF: G36024289) presenta solicitude para “Liña I: X edición O Son do Pazo”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 13.950,97 € (sen IVE).

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA, do concello de Mos (NIF: G36024289) unha subvención de 2.500,00 € para “Liña I: X edición O Son do Pazo” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 08 de xuño de 2026 e número de rexistro WEB2026049078, a ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA de Mos, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder xustificar debidamente a actividade.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 14 de xullo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA (NIF: G36024289) documento con CSV: ZOLFL46DNGB69KLT.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha



prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que se persoen no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA (NIF: G36024289) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.500,00€ para a realización da actividade da “Liña 1: X edición O Son do Pazo” (documento co CSV:4D3IQZBW4WGLPT7A).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.37491.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA MUSICA-SALCEDA DE CASELAS PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: REALIZACIÓN FESTIVAL CULTURAL DE BANDAS DE MÚSICA” DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (Expte.2025045327)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 08 de xuño de 2025, Francisco González Fernández, en representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA MÚSICA-SALCEDA DE CASELAS (NIF: G36123313) presenta solicitude para “Liña 1: Realización festival cultural de bandas de música”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.637,34 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA MÚSICA-SALCEDA DE CASELAS, do concello de Salceda de Caselas (NIF: G36123313) unha subvención de 892,49 € para “Liña 1: Realización festival cultural de bandas de música” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 23 de xuño de 2026 e número de rexistro WEB2026052466, a ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA MÚSICA-SALCEDA DE CASELAS de Salceda de Caselas, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque con posterioridade á concesión da citada subvención,



producíronse unha serie de cambios organizativos que afectaron á planificación inicial das actuacións para as que fora solicitada. Ademais, as necesidades que motivaban a solicitude da axuda foron finalmente atendidas e emendadas polo Concello de Salceda de Caselas, facendo innecesaria a aplicación da subvención concedida aos fins previstos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 17 de xullo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA MÚSICA-SALCEDA DE CASELAS (NIF: G36123313) documento con CSV: LH3LHOW2YPTF7RBF.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os



programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de goberno aproba por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA MÚSICA-SALCEDA DE CASELAS (NIF: G36123313) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 892,49 € para a realización da actividade do “Liña 1: Realización festival cultural de bandas de música” (documento co CSV: AW9FF9HIDY6HWWX4).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



26.37492.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL XIRANDOLA PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: FESTIVAL DE BAILE” DO CONCELLO DE SILLEDA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (Expte.2025046011)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 09 de xuño de 2025, Javier Blanco Carballal, en representación da ASOC. CULTURAL XIRANDOLA (NIF: G36330884) presenta solicitude para “Liña 1: Festival de baile”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.200,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOC. CULTURAL XIRANDOLA, do concello de Silleda (NIF: G36330884) unha subvención de 836,71 € para “Liña 1: Festival de baile” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 03 de xuño de 2026 e número de rexistro WEB2026047867, a ASOC. CULTURAL XIRANDOLA de Silleda, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque debido a cambios na programación non foi posible levar a cabo a actividade tal e como se tiña previsto, co cal a subvención non podería ser correctamente xustificada.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 13 de xullo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC. CULTURAL XIRANDOLA (NIF: G36330884) documento con CSV: 0WQ2VC946KLCK5BZ.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de



plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno aproba por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo ASOC. CULTURAL XIRANDOLA (NIF: G36330884) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 836,71 € para a realización da actividade do “Liña 1: Festival de baile” (documento co CSV: JDWMH6M4KW2T8NFW).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

27.37493.- DAR CONTA E ACEPTAR AS RENUNCIAS E NOVAS ADXUDICACIÓNS DO PROGRAMA + CONVIVENCIA 2026. (Expte. 2025079075)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2026, aprobou as Bases reguladoras do programa “+ CONVIVENCIA” para o ano 2026 publicadas no BOPPO nº 28, de 11 de febreiro de 2026. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 12 de febreiro ao 11 de marzo de 2026.

Segundo.- En Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 abril de 2026, acordo número 7.36988, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con concesión de subvención e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “+ CONVIVENCIA”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 250, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 124.



O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 84 e na páxina web, o 6 de maio de 2026. Os Anexos das entidades adxudicatarias e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: LV2RKOJWR64IVFOJ e AVYHTDDSSFXTTYI, respectivamente.

Terceiro.- Con data 23 de xullo de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social emitiu informe-proposta para a fiscalización da aceptación de dúas renuncias presentadas por entidades inicialmente adxudicatarias do programa, así como para a correspondente adxudicación das subvencións ás dúas primeiras entidades da lista de agarda.

As renuncias presentadas foron as seguintes:

- Con data 11 de xuño de 2026, nº de rexistro WEB2026049851, a ASOCIACIÓN TDAHSALNÉS con CIF G36502839 (exp. 2026017535) adxudicataria do programa, presenta a través de instancia xenérica renuncia ao programa por imposibilidade de realizar a actividade subvencionada.
- Con data 21 de xullo de 2026 e nº de rexistro WEB2026059855, a ASOC. VECIÑAL E CULTURAL DE CACHEIRO con CIF G72455249 (expediente 2026017013) presenta a renuncia ao programa ao non ter suficiente número de persoas interesadas en realizar a actividade.

Cuarto.- A aceptación das dúas renuncias anteriormente relacionadas supón a dispoñibilidade de crédito suficiente para proceder á adxudicación de dúas novas subvencións ás primeiras entidades incluídas na lista de agarda actualizada a día 10 de xullo de 2026, segundo consta no documento con CSV BWXJ1J6RULL62UST. As entidades beneficiarias son as seguintes:

- *ASOCIACIÓN CULTURAL E SOCIAL SOUTELO con NIF G36179828.*
- ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS "A CANDELARIA" con NIF G36171023.

Quinto.- Con data 27 de xullo de 2026, a Intervención emitiu dilixencia de fiscalización e conformidade (CSV: CSFAYBKUGPHTXMM6) respecto da proposta de aceptación das dúas renuncias, da adxudicación das subvencións ás dúas primeiras entidades da lista de agarda e da actualización da relación de entidades beneficiarias e da correspondente lista de agarda.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2026.
- Bases do programa + CONVIVENCIA 2026.

Á vista dos antecedentes expostos e dos informes que constan no expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar as renuncias á subvención concedida, presentadas polas seguintes entidades:

- ASOCIACIÓN TDAH SALNÉS con NIF, G36502839.
- ASOC. VECIÑAL E CULTURAL DE CACHEIRO con NIF G72455249.

Segundo.- Adxudicar as subvencións liberadas, de conformidade coa orde de prelación da lista de agarda, ás seguintes entidades:

- ASOCIACIÓN CULTURAL E SOCIAL SOUTELO con NIF G36179828.
- ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS "A CANDELARIA" con NIF G36171023.

Terceiro.- Aprobar a actualización da relación de entidades beneficiarias con concesión de subvención, segundo consta no documento con CSV PXE2LB9C9799P85W.

Cuarto.- Aprobar a actualización da lista de agarda, segundo consta no documento con CSV N21X79JJUCZ0Q921.

Quinto.- Notificar o presente acordo ás entidades interesadas.

28.37494.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE O ROSAL. (Expte. 2025059447)

Dada conta que con data de rexistro 28/08/2025 (rex. núm. 2025016868), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.ª Encarnación Estévez Otero, por danos producidos no seu vehículo a consecuencia dos traballos de pintado que se estaban a realizar na data 20/08/2025, na estrada provincial E.P. 3302, no Concello de O Rosal, ó pintarse, segundo manifesta a reclamante, fóra da delimitación dos conos, o que provocou que o vehículo se manchara de pintura, e sendo cuantificados economicamente os citados danos en 300 €.



Resultando.- Que con data 20/10/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2 do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 04/11/2025 co seguinte contido:

PRIMEIRO.- A localización do sinistro reclamado sitúase na EP-3302 TABAGÓN-O ROSALPORTOCELO. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- O día do suceso (20 de agosto de 2025), estábanse a executar nesa estrada tarefas de conservación e mantemento das estradas provinciais promovidas pola Deputación Provincial, e consistentes no pintado das marcas viais pertencentes á sinalización horizontal da estrada.

A empresa contratada para a execución do contrato de conservación e mantemento desa zona é CIVIS GLOBAL, S.A., que á súa vez tiña subcontratados os traballos á empresa ESTRADAS GALEGAS, S.L.

TERCEIRO.- Non se considera que a dotación habitual aplicada nos traballos de pintura de marcas viais sexa de entidade suficiente para formar un charco que poida salpicar ós vehículos. Ademais, a pintura é de secado rápido, e a zona se baliza para evitar o paso de rodas sobre a pintura ata o seu secado. Se o vehículo pasara sobre as marcas sen secar habería rodeiras no pavimento da estrada, que non se aprecian nas fotos nin na actualidade.

Non se acredita a localización exacta do sinistro nin hai atestado nin testemuñas que poidan saber do acontecido.

Non deron aviso ós traballadores no momento do incidente.

CUARTO.- Acompáñase informe da empresa contratista relativo á información solicitada en relación ós feitos reclamados.





SERVIZO DE
CONSERVACIÓN
INTEGRAL DA REDE
VIARIA DA
DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA.
ZONA SUR
INFORME DE CONSERVACIÓN

INFORME RECLAMACIÓN
DAÑOS

Pintura en ~~vehículo~~.

EP-3302 TABAGÓN-ROSAL-
PORTOCELO

JEFE COEX: Daniel García Martínez

SERVIZO DE CONSERVACION INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA. ZONA SUR

Contenido	1. ANTECEDENTES	2
	2. INVESTIGACIÓN.....	2
	3. CONCLUSIONES.....	4



1. ANTECEDENTES.

Con fecha 29 de octubre de 2025 se notificó a CIVISGLOBAL de que la DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA recibió el expediente 2025059447 de reclamación de daños por salpicado de pintura a un vehículo durante la realización de los trabajos de repintado en la EP-3302 TABAGÓN-ROSAL-PORTOCELO con fecha 20/08/2025

Asunto: Solicitud de Informe

Feitos

Con data 28/08/2025, recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.ª Encarnación Estévez Otero, por danos en vehículo producidos a consecuencia dos traballos de pintado que se estaban a realizar na data 20/08/2025 na estrada provincial E.P. 3302, no Concello de o Rosal, ó pintarse fóra da delimitación dos conos, o que provocou danos por pintura no vehículo.

Fundamentación Legal

ÚNICA.- A preceptividade do informe que se solicita deriva dos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 en relación co 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86. Consecuencia directa dos preceptos invocados é que o informe deberá ser emitido á maior brevidade, e en todo caso no prazo de **DEZ DÍAS**, e ceñíndose ás actuacións plantexadas na petición que o motivase.

Polo exposto, **ROGO informe sobre o contido da reclamación presentada.**

2. INVESTIGACIÓN.

En relación a la reclamación presentada, se realiza la investigación de los trabajos realizados en dicha fecha mediante los partes de trabajo e interrogación con los trabajadores implicados. En base a ello:



1. Durante el día 20/08/2025, efectivamente, se estuvieron realizando los trabajos de repintado de la señalización horizontal en la E.P. 3302 TABAGÓN-ROSAL-PORTOCELO, tal y como consta en el parte de trabajos diario:

civisglobal



Parte Trabajo

Fecha
20/08/2025

Tabla

Concello	Estrada	PQ	Marxe	Actuación	Tarefa Traballo	Equipo Traballo	Observacion s
42-AS NEVES	EP-4202 TORTOREOS- RUBIOS- CARRASQUEIR A	COMPLETA	AMBOS	MARCAS VIALES	SÍMBOLOS	SUBCONTRAT A	SEBAGASA
42-AS NEVES	EP-4201 SETADOS- RIBARTEME- VIDE	4+500 AL 10+000	AMBOS	MARCAS VIALES	SÍMBOLOS	SUBCONTRAT A	SEBAGASA
33-O ROSAL	EP-3302 TABAGÓN-O ROSAL- PORTOCELO	COMPLETA	AMBOS	MARCAS VIALES	SÍMBOLOS	SUBCONTRAT A	ESTRADAS GALEGAS
20-VIGO	EP-2001 O CALVARIO-A GARRIDA	COMPLETA	AMBOS	MARCAS VIALES	LINEAS	SUBCONTRAT A	ESTRADAS GALEGAS
25-SALCEDA CASELAS	EP-2505 SALCEDA- CALDELAS	COMPLETA	AMBOS	DESBROCES	DESBROCE MECANIZADO	SUBCONTRAT A	AGROFOREST AL LUCKY
41- SALVATERRA MIÑO	EP-4104 CALDELAS- PORTO	COMPLETA	AMBOS	DESBROCES	DESBROCE MECANIZADO	SUBCONTRAT A	AGROFOREST AL LUCKY
51-COVELO	EP-5104 MACEIRA- AVIÓN	COMPLETA	AMBOS	DESBROCES	DESBROCE MECANIZADO	SUBCONTRAT A	SILVAREIRA
50-A CAÑIZA	EP-5004 VALIEXE-VILAR	COMPLETA	AMBOS	DESBROCES	DESBROCE MECANIZADO	SUBCONTRAT A	TAXIF

Los trabajos fueron realizados por la empresa ESTRADAS GALEGAS.



2. *Una vez consultado a la empresa subcontratista ESTRADAS GALEGAS, que estuvieron durante sucesivos días en dicha carretera realizando los trabajos de repintado, no tienen constancia de que ningún vehículo contactase con los trabajadores para notificar de los posibles daños ocasionados. Tampoco existe atestado que verifique los hechos.*
3. *La empresa ESTRADAS GALEGAS, que realizó los trabajos de repintado en horario nocturno para evitar afección al tráfico de la carretera, asegura que todos los trabajos realizados en el repintado fueron correctamente balizados mediante conos con banda reflectante y señales reductoras de velocidad, conforme a la normativa de señalización de obras.*
4. *La persona reclamante indica que su vehículo pisó una marca vial (cebrado de un reductor de velocidad) y dejó una rodera de pintura, tal y como muestra en su reportaje fotográfico del expediente 2025059447. Esto deja patente que la persona reclamante no respetó el balizamiento de obra de una zona recién pintada.*
5. *Independientemente a este hecho, la dotación aplicada en trabajos de repintado de señalización horizontal es de 0,72kg/m², lo que en la práctica implica una capa muy extendida de cobertura sobre la pintura anterior, de secado rápido. Esto impide que se formen charcos o bolsas que puedan provocar salpicamiento.*

3. CONCLUSIONES.

Tras la investigación realizada, consideramos que el daño que se reclama no se puede asegurar que se hayan ocasionado por los trabajos realizados en la fecha indicada.

También se considera que si un vehículo rebasa una zona delimitada por un balizamiento de obra que se encuentra recién pintada, es responsabilidad de dicho vehículo los daños que se pudieran ocasionar.

M^a. Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro _____



Resultando.- Que con data 13/11/2025, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á mercantil CIVIS GLOBAL S.L.U. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 01/12/2025, co seguinte contido:

Primeira.- Cronoloxía e natureza dos traballos: Confírmase que, na data do suceso (20 de agosto de 2025), se estaban a executar traballos de repintado da sinalización horizontal (símbolos) na estrada provincial E.P. 3302 Tabagón-O Rosal-Portocelo, tal e como consta na Parte de Traballo Diario do 20/08/2025, a execución material destes traballos (Marcas Viais/Símbolos) estaba subcontratada á empresa ESTRADAS GALEGAS, S.L.

Segunda.- Ausencia de nexo causal e existencia de dilixencia na execución: O informe técnico da Deputación e o informe do Servizo de Conservación conclúen que non se acredita o nexo causal entre o dano e a execución dos traballos, polos seguintes motivos:

1º) Seguridade e Balizamento: A subcontratista ESTRADAS GALEGAS, S.L. asegura que os traballos se realizaron en horario nocturno e que foron correctamente balizados mediante conos con banda reflectante e sinais redutoras de velocidade, conforme á normativa de sinalización de obras. Tampouco houbo aviso aos traballadores no momento do incidente, tampouco existe atestado nin testemuñas que verifiquen os feitos.

2º) Natureza da Pintura e Dotación: A dotación de pintura aplicada é de 3,72 kg/m², o que xera unha capa moi estendida e de secado rápido, impedindo a formación de charcos ou bolsas que poidan provocar salpicamentos a vehículos. Se un vehículo pasase sobre marcas sen secar, deberían apreciarse rodeiras no pavimento da estrada, as cales non se aprecian nin nas fotos achegadas pola reclamante nin na actualidade.

Terceira.- Causa do Dano: Responsabilidade da condutora.

O informe de investigación do Servizo de Conservación achega unha conclusión fundamental baseada na reportaxe fotográfica da reclamante: A propia reclamante indica que o seu vehículo pisou unha marca vial (cebrado dun redutor de velocidade) e deixou unha rodeira de pintura. Isto deixa patente que a persoa reclamante non respectou o balizamento de obra dunha zona recentemente pintada.

Considérase que se un vehículo rebasa unha zona delimitada por un balizamento de obra que se atopa recentemente pintada, é responsabilidade de dito vehículo os danos que se puideran ocasionar.

*Fdo. Celso M. Piñeiro Malvar
CIVIS GLOBAL, S.L.U.*



Resultando.- Que con data 13/11/2025, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á mercantil ESTRADAS GALEGAS, S.L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, sen obterse resposta ó mesmo.

Resultando.- Que con data 20/01/2026, reiterouse o emprazamento a ESTRADAS GALEGAS, S.L., conferíndolle a posibilidade de alegar o que ó seu dereito conviñera, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido resposta ó citado emprazamento.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2026001539, de data 25/02/2026, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento ó estar pendente, naquel intre, da posible recepción de alegacións por parte de ESTRADAS GALEGAS, S.L., non sendo factible a súa resolución no prazo establecido.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais a empresa contratada para a execución do contrato de conservación e mantemento é CIVIS GLOBAL, que á súa vez tiña subcontratados os traballos á empresa ESTRADAS GALEGAS, S.L.
- A subcontratista asegura que os traballos se realizaron en horario nocturno e que foron correctamente balizados mediante conos con banda reflectante e sinais redutoras de velocidade, conforme á normativa de sinalización de obras.
- Non se considera que a dotación habitual aplicada nos traballos de pintura de marcas viais sexa de entidade suficiente para formar un charco que poida salpicar ós vehículos, sendo a citada pintura de secado rápido.
- A zona balízase para evitar o paso de rodas sobre a pintura ata o seu secado.
- Se o vehículo pasara sobre as marcas sen secar habería rodeiras no pavimento da estrada, que non se aprecian nas fotos nin na actualidade.
- Non hai atestado nin testemuñas que poidan acreditar o acontecido.
- A reclamante non deu aviso ós traballadores no momento de producirse os danos.
- Non houbo mais incidencias pola mesma causa.



Considerando.- Que a reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica dos feitos e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar ó convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal, tanto o informe do Servizo de Infraestruturas como as alegacións da empresa adxudicataria CIVIS GLOBAL (terceiro interposto entre a Administración e o particular ó que, en hipótese, lle serían atribuíbles as consecuencias do acaecido), se constitúen como elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual...

“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención”.

De tal operación, e a teor do artigo 218 do citado texto:

“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso”.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 04/11/2025, recóllese que a empresa contratada para a execución do contrato de conservación e mantemento desa zona é CIVIS GLOBAL, polo que, de ser o caso, cuestión que esta Deputación non prexulga, podería esixírselle á mesma a responsabilidade no eido da xurisdición civil.



Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), “Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

29.37495.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA. (Expte.2026036382)

Dada conta que con data 30/04/2026 (núm. rex. 2026009851), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por Dª. Noa Oubiña Santos, por danos en vehículo, producidos o día 27/01/2026, a consecuencia dun socavo na estrada PO-306, ó incorporarse a dita vía desde o pavillón de Vilanova de Arousa, e que cuantificou economicamente en 173,02 €.



Resultando.- Que con data 29/05/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 07/07/2026, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas.



SEGUNDO.- A estrada PO-306 Vilanova (PO-306) a Ponte da Illa de Arousa (PO-307), forma parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (REAGA) segundo o catálogo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Polo tanto, o lugar onde aconteceu é competencia da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro _____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.



Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifiestamente carentes de fundamento”.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

30.37496.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS NO MURO DUNHA PROPIEDAD NO CONCELLO DE MEAÑO. (Expte.2025081265)

Dada conta que con data 16/12/2025 (núm. Rex. WEB2025085781) recibíuse nesta Deputación solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Crisanto Rial Rodríguez, por danos ocasionados no muro e peche da súa vivenda, sita no lugar de Constenla nº 15 en Cobas, no Concello de Meaño, producidos na primeira quincena do mes de setembro de 2025, a consecuencia, segundo manifesta, das obras de acondicionamento da estrada que linda coa súa propiedade, consistentes na rotura da alamburada perimetral da horta, postes de suxeición, pedra de grandes dimensións do muro tirada na horta e parte superior do muro sen acabar, e que cuantifica economicamente en 1.542,75 €.




Resultando.- Que con data 28/01/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 17/02/2026, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O lugar de Constenla nº 15, sito en Cobas está situado na estrada 9302 XIL COBAS BARRANTES que pertence á rede provincial de estradas.



A reclamación de danos solicitada é na propiedade situada no punto quilométrico 2+230 (m.i.) desta estrada provincial.





SEGUNDO.- *Unha vez comprobada a localización da parcela, compróbase in situ o estado actual do peche obxecto da reclamación.*



Estado actual






Estado actual


Pódese apreciar á vista das fotos que se achegan que os danos observados no peche non son recentes, polo que non poden vir derivados dos traballos executados no mes de setembro coa obra adxudicada.

De feito, nos visores dispoñibles con datas previas, os danos no peche xa se podían apreciar.





Imaxe de outubro 2025



Imaxe de xullo de 2023



TERCEIRO.- As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga (artigo 38.5 LEG).

CUARTO.- En cumprimento da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, esíxíase aos propietarios das leiras lindeiras a súa limpeza e mantemento, ou na súa falta, realizábase a execución subsidiaria por parte do concello. Forma parte dos deberes específicos das persoas propietarias de montes privados (artigo 44 da LEI 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia):



Os propietarios de parcelas terán que mantelas limpas e valadas, evitando que se convertan en focos de insalubridade ou inseguridade. A normativa en Galicia establece a obriga de manter limpas as fincas durante todo o ano para prever incendios.

Como se pode apreciar na foto que se achega esta parcela incumpre o recollido nesta normativa o que ademais provoca parte dos danos existentes no peche deteriorado.



Á vista do recollido nos parágrafos previos non correspondería, por tanto, a esta Administración senón ao propietario a reparación dos danos reclamados.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro-----

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de lexitimación activa e temporalidade, descritos nos artigos 67, en relación co 66, 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que tal e como se recolle no informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, pódese apreciar, á vista das fotografías, que os danos no peche non son recentes, polo que non poden vir derivados dos traballos executados no mes de setembro; de feito, nos visores dispoñibles con datas previas ós citados traballos, os danos no peche xa se podían apreciar.

Considerando.- Que polo exposto, non corresponde a esta Administración, senón ó propietario, a reparación dos danos reclamados.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



31.37497.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8201 MORAÑA-SANTA XUSTA-COUSO, DO P.Q. 1+100 AO 1+340. CONCELLO DE MORAÑA". (Expte. 2026030393).

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 8201 MORAÑA – SANTA XUSTA – COUSO que percorre os termos municipais de Moraña e Campo Lameiro pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.032 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario executar unha reforma e ampliación de plataforma, dende o P.Q. 1+100 ao P.Q. 1+340, a fin de salvagardar a debida prestación do Servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas D. Eduardo Artime Rial o proxecto para a execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña", cun orzamento base de licitación de o proxecto de 263.072,60 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: U934D02BCSXENHQQ.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000113536 por importe de 263.072,60 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: TQCLJT8MTERX5RXB.

Resultando.- Que consta no expediente certificado do secretario-interventor do Concello de Moraña (CSV: I088UBQCVFD88XLI), no cal se acredita que dito concello acadou a cesión gratuíta das parcelas necesarias para executar a obra e a súa posta a disposición á Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que segundo o proxecto, para executar o presente investimento precísase da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, as cales constan no expediente con CSV: 5AP71JI4QZF5WXRC e CSV: 3KH6WBRLUVXQFLO5, respectivamente.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación ao tratarse dunha obra de reforma dos espazos públicos, onde se realizará unha ampliación de plataforma e mellora tanto do firme como da drenaxe existente.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”.



Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña”, redactado D. Eduardo Artime Rial, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 263.072,60 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: U934D02BCSXENHQQ.

32.37498.- COMUNICACIÓNS: non houbo

33.37499.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo

34. 37500.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e trinta e nove minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

